# INSTRUCIÓNS DA FEGAMP AOS CONCELLOS GALEGOS

O Goberno de España declarou o día 14 de marzo de 2020 o Estado de Alarma en todo o país durante quince días, que podería prorrogarse se fose preciso e cóntase coa autorización do Congreso de Deputados.
A medida adoptouse para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
O Estado de Alarma comporta unha severa limitación dos desprazamentos e o peche dos establecementos comerciais. Así mesmo as Administracións Públicas están obrigadas a facilitar medidas que favorezan o traballo dende as súas casas aos empregados públicos na medida do posible, e sempre que sexa viable a prestación dos servizos públicos por medios non presenciais.

Polo exposto, proponse a adopción das seguintes medidas nos Concellos Galegos, dende o 16 de marzo e ata o día 29 de marzo de 2020:

1) Crear unha Comisión Municipal de seguimento da evolución do COVID-19 que poderá estar formada polas seguintes persoas:

- O/A Alcalde/sa
- Os/as Concelleiros/as
- O Xefe da Policía Local
- O responsable dos Servizos de Emerxencia e Protección Civil
- O/A Xefe/a dos Servizos Administrativos Municipais

2) A comunicación co Concello debe realizarse de forma telemática a través da sede electrónica municipal ou vía telefónica a través dos teléfonos de:
- Casa do Concello
- Policía Local
- Emerxencias
- Servizos Sociais

3) En caso de que non se dispuxese de medios telemáticos e para aqueles supostos de urxencia, o Concello atenderá presencialmente previa petición de cita telefónica, en horario de 9 a 14 horas.

4) Os servizos administrativos municipais funcionarán con porta pechada de 9 a 14 horas, dun modo moi reducido, equivalente a uns servizos mínimos, que serán fixados por cada Concello en función da poboación e características do mesmo, e que a modo de exemplo, recoméndanse  sexan atendidos por unha persoa cada un dos seguintes Servizos:
- Conserxería Municipal
- Estatística (Padrón Municipal de Habitantes)
- Rexistro de Entrada Municipal e Portelo Único
- Secretaría Xeral
- Rexistro de facturas telemático (Intervención)
- Pago a provedores (Tesourería)
- Departamento de Informática
- Departamento de Obras e Vías públicas
- Departamento de Electricidade
- Cemiterios

Os/as empregados/as municipais que acudan a prestar estes servizos deberán realizalo en días alternos, polo que se organizarán quendas polos/as correspondentes Xefes/as de Servizo.

5) Dada a situación de  crise sanitaria e tendo en conta o disposto polo Goberno de España, a Policía Local e o Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil continuarán coa prestación dos respectivos servizos de xeito ordinario, que  poderán ser reforzados cando a situación o requira.

6) Os Servizos Sociais Municipais, dado o seu carácter asistencial quedarán suxeitos no desenvolvemento do seu traballo aos protocolos establecidos polos/as responsables de Área, facilitando sempre que se poida o teletraballo aos empregados públicos que prestan servizo nestes Departamentos.

7) O persoal municipal que non preste servizos dun modo presencial deberá estar dispoñible coa finalidade de prestar servizo ou reemplazar aos compañeiros cando fosen requiridos.

8) Quedan suspendidas as sesións periódicas ou ordinarias dos órganos colexiados municipais (Xunta de Goberno Local, Pleno da Corporación, Comisións Informativas, Xerencia de urbanismo, etc) a excepción da Comisión de Seguimento do COVID-19 ou calquera outra que fose preciso celebrar.

9) A Comisión de seguimento do COVID-19 estudará entre outros temas, a colaboración coas autoridades sanitarias, a atención á cidadanía, en especial ás persoas máis vulnerables, a suspensión de cobro de taxas, así como todos aqueles aprazamentos e fraccionamentos de taxas, impostos, etc, que fose preciso levar a cabo para os sectores económicos afectados pola crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Tamén se avaliará a necesidade de pechar as praias, áreas recreativas, etc.

En Santiago de Compostela a 15 de marzo de 2020

***Alberto Varela Paz, presidente da Fegamp***